

MEDIDAS PREVENTIVAS COVID-19

DESDE 23/12/2020

#SENTIDIÑO

PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN



**XUNTA
DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

NIVEIS DE RESTRICIÓN E CONCELLOS AFECTADOS

DESDE O 23/12/2020

RESTRICIÓN NIVEL BÁSICO

263 concellos

Limítanse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un **máximo de seis persoas**, excepto no caso de persoas conviventes en que non se aplicará esta limitación.

VIDA SOCIAL E COMUNITARIA

- Celebracións con motivo de cerimonias relixiosas ou civís: cun máximo de 50 persoas en espazos pechados e 100 ao aire libre.
- Lugares de culto: 50 % da súa capacidade máxima permitida.
- Velorios: 10 persoas en espazos pechados e 25 en espazos abertos sexan ou non conviventes.
- Enterramento ou despedida para a cremación: 25 persoas entre familiares e achegados sexan ou non conviventes.
- Bibliotecas, arquivos, museos: 50 % da súa capacidade máxima permitida. As actividades culturais de grupo: Máximo 6 persoas sexan ou non conviventes excluído o monitor ou guía.
- Cines, teatros e auditorios: Sentados: calculando 1,5 metros nas 4 direccións entre os asistentes cun límite máximo de 500 persoas nos espazos pechados e 1000 persoas nos espazos ao aire libre.
- Centros recreativos turísticos ou similares: 50 % do aforo. As visitas de grupos serán dun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes .
- Centros cívicos e sociais:
 - Límite capacidade total: 50 %
 - Actividades socioculturais grupais: Máximo 6 persoas, sexan ou non conviventes, incluído ou monitor ou guía

ESTABLECEMENTOS DE OCIO NOCTURNO

- Só terrazas ao aire libre: 75% do aforo. Non esta permitido o consumo na barra
- Non estará permitida a instalación de barras para consumo ou servizo nelas a clientes da terraza.
- A ocupación máxima será de 6 persoas por mesa ou agrupación de mesas

ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL

- Ao aire libre : o límite de participantes ao 50% da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 100 participantes, excluídos os monitores.
- Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 50 participantes, excluídos os monitores.
- As actividades deberán realizarse en grupos de ata 6 persoas participantes, sexan ou non conviventes, excluídos os monitores. Os grupos deberán traballar sen contacto entre eles.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- No interior : 50% do aforo. Non está permitido o consumo na barra.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 75 % das mesas.
- Peche ás 23:00 horas.
- A ocupación máxima será de 6 persoas por mesa ou agrupación de mesas, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.
- Os clientes poden quitar a máscara exclusivamente no momento do consumo.

ESTABLECEMENTOS DE XOGO

- Límite do aforo: 50% de capacidade

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO E ALBERGUES

- Zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos: 50% da súa capacidade.
- Actividades de animación ou clases grupais: Máximo 6 persoas sexan ou non conviventes incluíndo os monitores.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS NON FEDERADAS

- Instalacións deportivas ao aire libre: individual e colectiva, sen contacto físico, e como máximo de 6 persoas de forma simultánea , sen contar o monitor.
- Instalacións deportivas cubertas: grupos de ata 6 persoas sexan ou non conviventes sen contar o monitor, e sen superar o 50% da capacidade máxima permitida.

COMERCIO, CENTROS COMERCIAIS E MERCADOS AO AIRE LIBRE

- Locais e establecementos, independentemente da súa superficie: 50% do aforo.
- Centros e parques comerciais: No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares: Límite do aforo 50% de capacidade en cada un deles.
- Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos.
- A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 33 %.
- Zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso deben permanecer pechadas.
- Mercados ao aire libre: 50 % dos postos habituais ou autorizados

CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS, ADESTRAMENTOS E DE COMPETICIÓNS DEPORTIVAS CON PÚBLICO

- O público sempre debe permanecer sentado tanto nas instalacións deportivas como na vía pública.
- Límite de 500 persoas para lugares pechados e de 1000 se se trata de actividades ao aire libre.

ACADEMIAS, AUTOESCOLAS E CENTROS PRIVADOS DE ENSINO NON REGRADO E CENTROS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADE FORMATIVA XESTIONADA OU FINANCIADA POLA ADMON. AUTONÓMICA

- A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do 50% respecto do máximo permitido.

FESTAS, VERBENAS, OUTROS EVENTOS POPULARES E ATRACCIÓNS DE FEIRAS

- Peche das actividades.

TRANSPORTES

- Ocupación da totalidade dos asentos e dunha sexta parte das prazas de pé.
- Prohibición de consumir alimentos e, na medida do posible, bebidas.

RESTRICIÓN NIVEL MEDIO**PECHES PERIMETRAIS**

Perímetro conxunto de: A Coruña, Arteixo, Cambre e Culleredo.
Santiago de Compostela
Lugo
Soutomaior
Moaña

Cambios respecto ao nivel básico:

PECHES PERIMETRAIS**ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN**

- No interior : 40% do aforo. Non está permitido o consumo na barra.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 50 % das mesas.

ESTABLECEMENTOS DE OCIO NOCTURNO

- Só terrazas ao aire libre: 50% do aforo.

ESTABLECEMENTOS DE XOGO

- Límite do aforo: 40% de capacidade.

RESTRICIÓN NIVEL MEDIO-ALTO

PECHES PERIMETRAIS

Perímetro conxunto de Ferrol e Narón.
Perímetro conxunto de Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño y Gondomar.
Perímetro conxunto de A Guarda, Tomiño e O Rosal.
Perímetro conxunto de Camariñas, Vimianzo e Zas.
Perímetro conxunto de Santa Comba, Mazaricos e Negreira
Perímetro conxunto de Poio, Pontevedra e Marín
Fisterra
Dumbría
Carnota
Vilalba
A Rúa
Sarreaus
Rodeiro
Vilagarcía de Arousa
A Illa de Arousa
Meaño
Cangas
Ponteareas
Tui

Cambios respecto ao nivel básico:

VIDA SOCIAL E COMUNITARIA

- Bibliotecas, arquivos, museos: As actividades culturais de grupo: Máximo 4 persoas sexan ou non conviventes excluído o monitor ou guía.
- Cines, teatros e auditorios: Sentados: calculando 1,5 metros nas 4 direccións entre os asistentes cun límite máximo de 250 persoas nos espazos pechados e 500 persoas nos espazos ao aire libre.
- Centros recreativos turísticos ou similares: 50 % do aforo. As visitas de grupos serán dun máximo de 4 persoas, sexan ou non conviventes .
- Centros cívicos e sociais:
 - Actividades socioculturais grupais: Máximo 4 persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- No interior : 30% do aforo. Non está permitido o consumo na barra.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 50 % das mesas.
- Peche ás 17:00 horas.
- A ocupación máxima será de 4 persoas por mesa ou agrupación de mesas, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

ESTABLECEMENTOS DE XOGO

- Límite do aforo: 30% de capacidade.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO E ALBERGUES

- Actividades de animación ou clases grupais: Máximo 4 persoas sexan ou non conviventes incluíndo os monitores.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS NON FEDERADAS

- Instalacións deportivas ao aire libre: individual e colectiva, sen contacto físico, e como máximo de 4 persoas de forma simultánea, sen contar o monitor.
- Instalacións deportivas cubertas: grupos de ata 4 persoas sexan ou non conviventes sen contar o monitor, e sen superar o 50% da capacidade máxima permitida.

RESTRICIÓN NIVEL MÁXIMO

PECHES PERIMETRAIS

Perímetro conxunto de Sanxenxo e O Grove.
As Pontes de García Rodríguez
Ribeira
Boiro
Rianxo
Cambados
Bueu
Redondela
Baiona

Cambios respecto ao nivel básico:

VIDA SOCIAL E COMUNITARIA

- Bibliotecas, arquivos, museos: As actividades culturais de grupo: Máximo 4 persoas sexan ou non conviventes excluído o monitor ou guía.
- Cines, teatros e auditorios: Sentados: calculando 1,5 metros nas 4 direccións entre os asistentes cun límite máximo de 250 persoas nos espazos pechados e 500 persoas nos espazos ao aire libre.
- Centros recreativos turísticos ou similares: 50 % do aforo. As visitas de grupos serán dun máximo de 4 persoas, sexan ou non conviventes .
- Centros cívicos e sociais:
 - Actividades socioculturais grupais: Máximo 4 persoas, sexan ou non conviventes, incluído ou monitor ou guía

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- Interior pechado.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 50 % das mesas.
- Peche ás 17:00 horas.
- A ocupación máxima será de 4 persoas por mesa ou agrupación de mesas, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

ESTABLECEMENTOS DE XOGO


- Pechados.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO E ALBERGUES

- Actividades de animación ou clases grupais: Máximo 4 persoas sexan ou non conviventes incluíndo os monitores.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS NON FEDERADAS

- Instalacións deportivas ao aire libre: individual e colectiva, sen contacto físico, e como máximo de 4 persoas de forma simultánea, sen contar o monitor.
- Instalacións deportivas cubertas: grupos de ata 4 persoas sexan ou non conviventes sen contar o monitor, e sen superar o 50% da capacidade máxima permitida.



Máximo

- 🕒 **Hostalaría:**
- Peche ás 17,00h
- Aforo limitado ao 50% en terrazas

- 👤 **Reunións:** máximo catro persoas

Áreas perimetrais de O Grove-Sanxenxo; Tui; Ponteareas; Moaña; Bueu; Redondela; Cambados; Baiona; Vilalba; Boiro; Ribeira; As Pontes

- 🚶 **Cultura e deporte:** 250 persoas en interior e 500 en exterior

Medio-alto

- 🕒 **Hostalaría:**
- Peche ás 17,00h
- Aforo: 30% interior e 50% terrazas

- 👤 **Reunións:** máximo catro persoas

Áreas perimetrais: Vigo-Mos-O Porriño-Nigrán-Gondomar; Pontevedra-Marín-Polo; Ferrol-Narón; Santa Comba-Mazaricos-Negreira; A Guarda-Tomiño-O Rosal; Meis-Meaño-Ribadumia; Dumbria-Muxía; Vimianzo-Camariñas-Zas; Carnota; Fisterra; Sarreaus; A Rúa; Vilagarcía; A Illa; Cangas; Vilaboa; Rodeiro

- 🚶 **Cultura e deporte:** 250 persoas en interior e 500 en exterior

Medio

- 🕒 **Hostalaría:**
- Peche ás 23,00h
- Aforo: 40% interior e 50% terrazas

- 👤 **Reunións:** máximo seis persoas

Áreas perimetrais da Coruña-Culleredo-Arteixo-Cambre; Santiago de Compostela; Lugo; Soutomaior; Ponte Caldelas; Cerdedo-Cotobade

- 🚶 **Cultura e deporte:** 500 persoas en interior e 1.000 en exterior

Básico

- 🕒 **Hostalaría:**
- Peche ás 23,00h
- Aforo: 50% interior e 75% terrazas

- 👤 **Reunións:** máximo seis persoas

Os habitantes dos 258 concellos que están no nivel básico de restrición poden moverse libremente entre municipios con situación equivalente

- 🚶 **Cultura e deporte:** 500 persoas en interior e 1.000 en exterior

* Non é posible saír do concello ou área perimetral establecida nos niveis máximo, medio-alto e medio

PROTOCOLO NADAL MEDIDAS APLICABLES ENTRE 23/12 E 29/12
--

MOBILIDADE FÓRA DE GALICIA

- Entre o 23/12 e o 29/12 permítese a entrada na Comunidade Autónoma de persoas con residencia habitual dun familiar, ademais dos supostos xa descritos con anterioridade: laborais, médicos, educativos, coidado de maiores e menores, forza maior, ...
- Unha vez no territorio galego deberán cumprir as restricións aplicables do concello de destino.
- Obrigatoria a inscrición no Rexistro de Viaxeiros para orixes de alta incidencia COVID.

MOBILIDADE DENTRO DE GALICIA

- Nos concellos sometidos a restricións de mobilidade, os días 23, 24 e 25/12 permitiranse os desprazamentos a lugar de residencia habitual de familiares.
- Limitación da libre circulación en horario nocturno desde as 23:00 horas ata as 06:00 horas, agás na noite do 24/12 ao 25/12 no que a hora de comezo desta limitación será a 01:30 horas. Esta ampliación só estará destinada para permitir o regreso ao domicilio, en ningún caso se empregará para desprazarse a diferentes encontros sociais.

LIMITACIÓN DAS REUNIÓN

- Medidas específicas aplicables ás comidas e ceas familiares do 24/12 e 25/12:
 - Recomendación de reunións só de persoas conviventes.
 - Se non fose posible, os encontros limitaranse a 2 unidades familiares de conviventes (residentes no mesmo domicilio) ata un máximo de 10 persoas.
 - No caso de reunións de máis de 2 unidades familiares conviventes, límitanse a un máximo de 6 persoas sen computar aos menores de 10 anos, aplicándose en todo caso o límite máximo de 10 persoas.